RedHat Enterprise Linux Automation with Ansible - 2ª Edición

Descrición

O curso está deseñado para as/os administradoras/es e os desenvolvedoras/es de Linux que necesitan automatizar os pasos repetitivos e propensos aos erros para a preparación, a configuración, a implementación de aplicacións e a organización do sistema. Céntrase en aplicar os principios fundamentais da automatización para resolver os problemas reais dos sistemas e os servizos Linux a través da creación efectiva de playbooks de Ansible e o uso de Red Hat Ansible Automation Platform. Adquiriranse as habilidades necesarias para automatizar os fluxos de traballo, sentarán as bases para as prácticas de DevOps e aprenderase a utilizar Ansible Automation Platform para mellorar a eficiencia do desenvolvemento.

O curso baséase en Red Hat® Enterprise Linux® 9 e Red Hat Ansible Automation Platform 2.2.

O presente curso prepara aos asistentes para a superación do exame de certificación Red Hat Certified Engineer (EX294).

Obxectivos

- Usar Red Hat Ansible para automatizar pasos repetitivos e evitar erros
- Instalar Red Hat Ansible Automation Platform nos nodos de control
- Crear e actualizar os inventarios de hosts xestionados e administrar as súas conexións
- Automatizar as tarefas administrativas cos comandos específicos e os playbooks de Ansible

Dirixido a

O curso está dirixido ás/aos administradoras/es de sistemas Linux que necesiten formarse nas tarefas de automatizar a xestión das configuracións e preparar e implementar os servidores de desenvolvemento, proba e produción.

BENEFICIOS	Opción gratuita dun exame de certificación oficial
	Diploma de asistencia

Perfil do docente

Certificado oficial de enxeñeira/o Red Hat (RHCE), Certificado oficial de instrutora/or (RHCi) e Certificado oficial de examinadora/or (RHCX). Formadora/or do equipo de Edustance S.L., empresa especializada en formación TI para empresas, tanto en formato presencial como en formato virtual. Edustance ostenta a figura de Red Hat Certified Training Partner.

PROGRAMA	Programación 2026/27
TIPO	CURSO
MATRÍCULA	Gratuíta
PERIODO INSCRICIÓN	01/04/2027 - 15/04/2027
PROBA DE SELECCIÓN	16/04/2027 (00:00)
CRITERIOS DE SELECCIÓN	Proba técnica presencial no CNTG en Santiago de Compostela
Nº PRAZAS	16 (Mínimo 10)
METODOLOXÍA	Virtual
TIPO DE EDICIÓN	Edición única tarde (desempregados/as e ocupados/as)
DURACIÓN	48 horas
DATA INICIO	24/05/2027
DATA FIN	08/06/2027

HORARIO	De luns a venres de 16:30 a 20:30 horas.
CERTIFICACIÓN OFICIAL	Sí
EXAME CERTIFICACIÓN	Red Hat Certified Engineer (EX294)
MÓDULOS TRANSVERSAIS	Igualdade de 5 horas
TECNOLOXÍA	Contedores/Contenedores
	Linux
	Cloud
	Red Hat
PERIODO DOCENCIA	24/05/2027 - 08/06/2027

Temario

1. Introdución a Ansible
2. Implementación de Ansible
3. Implementación de playbooks
4. Xestión das variables e os feitos
5. Implementación do control de tarefas
6. Implementación de arquivos en hosts xestionados
7. Xestión de proxectos grandes
8. Simplificación dos playbooks coas funcións
9. Resolución de problemas de Ansible
10. Automatización das tarefas de administración de Linux